

Obxecto:	Informe á Resposta do promotor ao informe da DXPC do 27.05.2022 sobre o EIA e PS
Proxecto:	Parque eólico As Encrobas
Localización:	Cerceda, Ordes e Carral (A Coruña)
Promotor:	Naturgy Renovables SLU
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2020/93
Data rexistro:	07.08.2021 e 26.09.2022
Expediente:	IA3377/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 02.08.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 27.05.2022 en relación co Estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial do parque eólico As Encrobas.

O 26.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un novo escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da aclaración presentada polo promotor respecto do escrito presentado o 02.08.2022.

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia atópase nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o seguinte antecedente:

- *Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico As Encrobas. Maio 2021" e "Proxecto Sectorial Parque eólico As Encrobas. Maio 2020",* informados de xeito favorable pola directora xeral de Patrimonio Cultural o 27.05.2022, cunha serie de condicionantes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado no informe do servizos técnico:

Análise da documentación:

Escrito presentado o 02.08.2021

Neste primeiro escrito o promotor mostra a súa conformidade co contido do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 27.05.2022 en relación co Estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial. Non obstante, fai unha aclaración para que conste aos efectos oportunos.

Esa aclaración vén a dicir que non está conforme co condicionante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de que rebaixe a altura total dos aeroxeradores para minimizar o impacto visual sobre os elementos do patrimonio cultural próximos á zona de implantación das máquinas, nin co criterio orientativo dado pola dirección xeral para diminuír esa altura. Apóiase, asemade, nos informes



favorables emitidos polo Instituto de Estudos do Territorio nos que se valora o impacto paisaxístico do parque eólico.

Aluden tamén que a diminución da altura dos aeroxeradores determinará a perda de eficiencia da tecnoloxía empregada, afastándose das políticas públicas orientadas ao autoabastecemento enerxético, freno do cambio climático e fomento de emprego de enerxías renovables.

Escrito presentado o 26.09.2021

Con este segundo escrito, o promotor achega un documento para maior aclaración da súa resposta, que inclúe argumentos, análise da conca visual e infografías comparativas, desde o pazo de Vilasuso e o pazo de Esperante, para demostrar que a medida requirida pola dirección xeral non é practicamente apreciable en relación co obxectivo pretendido.

Este documento conclúe que a única medida que podería mitigar, parcialmente, a visión dos aeroxeradores sería a realización de pantallas vexetais no contorno próximo dos pazos. Para iso, realizarían unha análise exhaustiva do posible emprazamento das pantallas e cuantificarían o grado de redución da conca visual para, de ser determinante a redución da visibilidade, obter os acordos necesarios cos propietarios dos terreos ou cos propietarios dos pazos.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- Na análise comparativa das infografías non se aprecia unha redución significativa da presenza dos aeroxeradores nas visuais desde os pazos de Vilasuso e Esperante. Polo que o condicionado imposto no anterior informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indicando a redución de altura dos aeroxeradores non supón unha mellora da afección.
- A nova medida correctora proposta polo promotor baséase na creación de pantallas vexetais, medida condicionada ao resultado dunha análise exhaustiva das visuais para comprobar se a medida proposta é determinante na redución da visibilidade dos aeroxeradores.
- O promotor non propón ningún outro tipo de medidas de mellora ambiental no contorno dos elementos catalogados que compensen a perda de calidade visual coa implantación do parque eólico.
- Dado que non é efectivo, para mitigar a afección ao patrimonio cultural, reducir a altura dos aeroxeradores, débense adoptar medidas compensatorias no contorno inmediato dos bens culturais afectados: a igrexa románica de San Román das Encrobas e os pazos de Vilasante e Vilasuso. Esta medida sería a supresión de elementos discordantes do ambiente do contorno inmediato dos bens culturais como o cableado de baixa tensión, a rede pública de alumeadado e liñas de telefonía e datos, ou outra análoga que poida propoñer o promotor. Diminuíríase así a contaminación visual provocada no ambiente do contorno inmediato dos bens protexidos que a construción do parque eólico vai aumentar.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME:

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, acéptase a resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 27.05.2022 tendo en conta a documentación remitida e as medidas correctoras que adoptará o promotor baseadas en apantallamentos vexetais que reduzan a visibilidade dos aeroxeradores desde os pazos de Vilasante e Vilasuso.

Porén, con independencia do resultado da análise exhaustiva da proposta de medidas correctoras, o promotor deberá presentar ademais, previo ao inicio das obras do parque eólico, unha proposta de medidas compensatorias encamiñadas a mellorar significativamente a calidade ambiental dos espazos públicos no contorno dos elementos catalogados, entre os que se encontran os citados pazos e a igrexa románica de San Román das Encrobas. Estas medidas compensatorias consistirían na supresión de elementos discordantes do ambiente do contorno inmediato dos bens culturais como o cableado de baixa



tensión, a rede pública de alumeado e linas de telefonía e datos, ou outra análoga que poida propoñer o promotor. É necesario obter as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e demais organismos competentes para a execución desta medida, que deberá realizarse simultaneamente coa construción do parque eólico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA
E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 546 584

*Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o Parque eólico As Encrobas
Cerceda, Ordes e Carral (A Coruña)
Resposta do promotor*

